

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019/2020

CENTRO: EOI PONTEVEDRA

DEPARTAMENTO: ALEMÁN

DATA: MAIO 2020

ÍNDICE

- 1. Obxectivos xerais, competencias e contidos imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
 - i. Procedementos de avaliación**
 - ii. Ferramentas de avaliación.**
 - iii. Cualificación Final.**
- 3. Metodoloxía e actividades durante a ensinanza non presencial (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**
- 5. Anexos: Obxectivos, competencias e contidos mínimos esixibles e actividades por curso.**
 - i. Curso A1**
 - ii. Curso B1.1**
 - iii. Curso C1.1**

1. OBXECTIVOS XERAIS, COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS IMPRESCINDIBLES, METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DURANTE A ENSINANZA NON PRESENCIAL

Nivel A1	
OBXECTIVOS XERAIS	COMPETENCIAS E CONTIDOS
<p>Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.</p> <p>Producir e coproducir textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiáns e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.</p> <p>Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>Producir e coproducir textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiáns e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.</p>	<p>Ver Anexo 4.i</p>

Nivel B1.1	
OBXECTIVOS XERAIS	COMPETENCIAS E CONTIDOS
<p>Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.</p> <p>Producir e coproducir descrições sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.</p> <p>Comprender o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiáns, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.</p> <p>Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (destinatario/a, situación, propósito) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.</p>	<p>Ver Anexo 4.ii</p>

Nivel C1.1	
OBXECTIVOS XERAIS	COMPETENCIAS E CONTIDOS
<p>Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.</p> <p>Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.</p> <p>Producir e coproducir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.</p> <p>Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.</p>	<p>Ver Anexo 4.iii</p>

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

i. Procedementos de avaliación.

O alumnado será avaliado mediante observación da súa participación, a análise das producións escritas e orais levadas a cabo durante o curso, os intercambios orais e as probas específicas realizadas.

ii. Ferramentas de avaliación.

Serán ferramentas de avaliación a recollida e rexistro das tarefas realizadas polo alumnado, os seus traballos individuais e/ou en grupo, as súas exposicións orais/debates e o resultado obtido na proba parcial de progreso.

iii. Cualificación final.

A cualificación do alumnado (Promociona/ Non promociona) basearase nos seguintes aspectos:

- Os resultados na proba parcial de progreso: Cualificación APTO.
- A valoración positiva do rendemento nas actividades presenciais, sempre e cando o/a alumno/a teña acadado un mínimo do 50% da asistencia. Valoraranse o traballo diario, as tarefas entregadas e a participación.
- A consecución dos obxectivos e contidos mínimos imprescindibles que constan nas adaptacións ás programacións correspondentes a cada curso.
- A participación nas actividades realizadas telematicamente durante o estado de alarma. Estas poderán aumentar a cualificación que tiña o/a alumno/a antes da suspensión das clases presenciais. Valoraranse a participación nas actividades telemáticas, o número e a calidade das tarefas entregadas e o cumprimento dos prazos de entrega.

Será necesario acadar dous dos anteriores descritores para promocionar.

No caso de non conseguir os dous descritores necesarios, a promoción estará suxeita á realización das probas ou actividades telemáticas que o/a profesor/a teña a ben determinar para o alumnado que así o precisar, de xeito que este acade os contidos mínimos esixibles, con data máxima do 19 de xuño.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DURANTE A ENSINANZA NON PRESENCIAL

Actividades de lingua	Comprensión de textos escritos, comprensión de textos orais, produción e coprodución de textos escritos, produción e coprodución de textos orais, mediación.	Ver anexos para unha especificación por unidades
Metodoloxía	Tarefas de actividades de lingua con enfoque comunicativo e orientado á acción. Modo de comunicación (Aulas virtuais, blogs de aula, correo electrónico, ferramentas de videoconferencia, teléfono, whatsapp). Temporalización (semanal)	
Materiais e recursos	Edmodo, Google Classroom, Blogger, Google Sites, Cisco Webex, Jitsi, Zoom, arquivos de texto, arquivos de audio, arquivos de video, ligazóns a materiais na internet, ferramentas de telefonía móbil.	

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A EOI de Pontevedra conta con diversas vías de difusión para facer chegar esta adaptación a toda a súa comunidade educativa:

- **Grupo de correo** que inclúe a todo o profesorado que conforma a EOI de Pontevedra e as súas seccións. A través deste grupo, a escola fará chegar esta adaptación ao seu profesorado para a súa difusión co alumnado.
- **Páxina web corporativa.** A adaptación da programación do departamento de alemán será publicada na sección correspondente ao idioma na páxina web do centro.
- **Redes sociais:** As contas corporativas de Facebook e Twitter tamén darán publicidade á publicación desta adaptación curricular.
- **CentrosNet:** A aplicación de mensaxería instantánea que o centro ten contratada tamén se fará eco da publicación da adaptación da programación dos departamentos da escola e a difundirá entre profesorado e alumnado usuario da mesma.

5. ANEXOS: Obxectivos, competencias e contidos mínimos esixibles e actividades por curso.

i. CURSO: A1

UNIDADE: 19			
DATAS	A PARTIR DO 20 DE ABRIL		
O B X E C T I V O S	<ul style="list-style-type: none"> Falar sobre enfermidades e doenzas Describir a unha persoa de maneira moi básica (carácter e aspecto físico). Opinar sobre o carácter dunha persoa. 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES <i>*encher so os que procedan</i>	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais
	IV- Discursivos	V- Sintácticos	VI- Léxicos
		O imperativo coa forma <i>Sie</i> (repaso). Präteritum de <i>haben</i> e <i>sein</i> .	Partes do corpo e doenzas Introdución á descrición do aspecto de maneira moi xeral.
	VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos		
ACTIVIDADES* <i>*encher so se procede</i>	Realizar actividades de repaso de vocabulario do corpo humano. Describir persoeiros dende do punto de vista do carácter e do aspecto físico.		
UNIDADE: 20			
DATAS	27-30 ABRIL		
O B X E C T I V O S	<ul style="list-style-type: none"> Describir unha persoa de maneira moi básica (carácter e aspecto físico). Opinar sobre o carácter dunha persoa. Adquirir coñecementos sobre as tarefas domésticas (der Haushalt). 		
COMPETENCIAS E	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES <i>*encher so os que procedan</i>			
	IV- Discursivos	V- Sintácticos	VI- Léxicos
		Formación do imperativo 2ª persoa, singular e plural. Repaso Perfekt	A descrición do carácter e do aspecto físico dunha persoa (profundización) As tarefas no fogar.
	VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos		
ACTIVIDADES* <i>*encher so se procede</i>	Tarefa escrita e/ou oral sobre as tarefas domésticas : que lle gusta ou lle disgusta facer.		
UNIDADE: 21			
DATAS	4-8 MAIO		
O B X E C T I V O S	<ul style="list-style-type: none"> • Explicar una reacción fronte unha determinada situación na rúa. • Expresar permiso ou prohibición e explicar como se reacciona fronte a unha determinada normativa ou situación. 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES <i>*encher so os que procedan</i>	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais
	Información a través da linguaxe non verbal: códigos e sinais.		
	IV- Discursivos	V- Sintácticos	VI- Léxicos
		Os verbos modais "dürfen" e "müssen" en presente.	Sinais de permiso e prohibición. Permisos e prohibicións no parque.
	VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos		
ACTIVIDADES* <i>*encher so se procede</i>	Describir un debuxo e comentar aquilo que está ben e aquilo que vai en contra das normas.		
UNIDADE: 22			
DATAS	11 – 15 MAIO		
O B X E C T I V O S	<ul style="list-style-type: none"> • Valorar se algo gusta ou non. • Falar de roupa. • Describir o que leva posto unha persoa. • Expresar preferencias propias relativas á roupa. • Comparar prendas de roupa (só se da tempo ou unha pequena introdución). • Expresar como van vestidas as persoas e se gustan unhas prendas de vestir ou non. 		

COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES *encher so os que procedan	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais
	IV- Discursivos	V- Sintácticos	VI- Léxicos
		Pequena introdución ao comparativo se dese tempo. Repaso Perfekt	Roupa e vestimenta. Repaso das cores. A miña prenda favorita.
	VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos		
ACTIVIDADES* *encher so se procede	Describir nunha imaxen ou nun video a vestimenta dun pase de modelos.		
UNIDADE: 23-24			
DATAS	18 – 22 MAIO		
O B X E C T I V O S	<ul style="list-style-type: none"> • Describir o propio estado de ánimo e as actividades de lecer en caso de mal tempo. • Escribir apuntamentos para as propias vacacións. • Describir o tempo atmosférico nun lugar. 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES *encher so os que procedan	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais
	O tempo atmosférico en diferentes rexións dos países de lingua alemana.		
	IV- Discursivos	V- Sintácticos	VI- Léxicos
		Uso das formas de "würden" para expresar desexo. A conxugación completa de "würden". Formulación da data de hoxe: "Heute ist der erste..."	O tempo admosférico. Dificultades nunha viaxe, especialmente dende o punto de vista atmosférico.
	VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos		
ACTIVIDADES* *encher so se procede	Unha pequena postal das vacacións, na que tamén se trate a situación atmosférica durante a viaxe.		
UNIDADE: 23-24			
DATAS	25 – 29 MAIO		

O B X E C T I V O S	<ul style="list-style-type: none"> • Repasar léxico • Falar sobre os temas máis salientables correspondentes ao nivel A1 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES *encher so os que procedan	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais
	IV- Discursivos	V- Sintáticos	VI- Léxicos
		Uso do conector „denn”	Repaso dos campos léxicos máis salientables da lección.
	VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos		
ACTIVIDADES* *encher so se procede	<p>Recompilación nunha nube de palabras dos campos léxicos máis salientables.</p> <p>Falar nun monólogo sobre un tema determinado (familia, viaxes, medios de transporte, actividades de tempo libre e lecer,....)</p>		

ii. **CURSO: B1.1**

UNIDADE:			
DATAS	Do 27 de abril ata o 29 de maio		
O B X E C T I V O S	<p><u>Unidade 9: Saúde, Deporte e Alimentación</u></p> <ul style="list-style-type: none"> •SER CAPAZ DE: •Facer unha presentación oral. •Falar sobre a saúde e alimentación <p><u>Unidade 10: Contratempos no día a día</u></p> <p>SER CAPAZ DE:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Expresar decepción -Reaccionar ante unha decepción -Falar sobre contratempos na vida cotiniá -Escribir sobre problemas cotidiáns e como resolvelos 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES *encher so os que procedan	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais
	<p><u>Unidade 9</u></p> <ul style="list-style-type: none"> •SOCIOCULTURAL SOCIOLINGÜISTICO E -importancia dos bos hábitos no ámbito laboral. <p><u>Unidade 10</u></p> <p>SOCIOCULTURAL SOCIOLINGÜISTICO E</p> <ul style="list-style-type: none"> -Expresións de decepción e reacción ante as decepcións 	<p><u>Unidade 9</u></p> <ul style="list-style-type: none"> •ESTRATÉXICO <p>recursos expresivos para facer unha presentación.</p> <p>Mind –maps</p> <ul style="list-style-type: none"> •-proxecto: o empresario ideal <p><u>Unidade 10</u></p> <p>ESTRATÉXICO</p> <p>escribir una contribución sobre oportunidades perdidas</p>	<p><u>Unidade 9</u></p> <ul style="list-style-type: none"> •FUNCIONAL-COMUNICATIVO <p>-falar da propia situación laboral</p> <p>-comprender un texto sobre consellos no traballo</p> <p>-comprender unha presentación oral.</p> <p>-comprender a propia situación laboral</p> <p>-opinar sobre algo</p> <p><u>Unidade 10</u></p> <p>FUNCIONAL- COMUNICATIVO</p> <ul style="list-style-type: none"> -contar sobre experiencias persoais cotidiáns. -dar resolucións aos problemas da vida cotidiá.
	IV- Discursivos	V- Sintácticos	VI- Léxicos
	VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos		

ACTIVIDADES* *encher so se procede	<u>Unidade 9</u> Acordar en grupos as catro regras mais importantes para manter aos traballadores sans e contentos no traballo. Presentación sobre a prohibición de fumar no lugar de traballo. Escribir formas de relaxación <u>Unidades 10</u> Expresar decepción e reaccionar ante unha decepción
---	---

iii. CURSO: C1.1

UNIDADE 1: An die Arbeit! (¡A traballar!); "Soft skills"			
DATAS	20 / 22 abril, 23 / 24 de abril.		
O B X E C T I V O S	<ul style="list-style-type: none"> -Entender ofertas de emprego. -Entender entrevistas radiofónicas e explicacións orais sobre as cualificacións esixidas para para determinados traballos. -Entender unha reportaxe de prensa sobre a preparación de entrevistas de traballo. -Describir as cualificacións esixidas nunha profesión. -Expresar a relevancia ou non de certas cualificacións no mercado laboral español. -Preparar unha exposición oral. 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES *encher so os que procedan	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais
	-Mercado laboral alemán, comparación co español.	-Preparación dunha exposición oral.	-Expresar a relevancia de cualificacións ou o contrario. -Expresar preferencias.
	IV- Discursivos	V- Sintácticos	VI- Léxicos
	-Ofertas de traballo.	-Estruturas para expresar intencións comunicativas propias dunha exposición oral.	-Profesións, actividades laborais, cualificacións profesionais.
	VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos		
ACTIVIDADES* *encher so se procede	<ul style="list-style-type: none"> -Ler ofertas de emprego. -Escoitar descrições de ocupacións laborais e as cualificacións que se esixen nelas. -Ler un texto sobre a preparación de entrevistas de traballo. -Entender o concepto de "soft skills" e os seus tipos mediante a súa reformulación con paráfrases que os fagan comprensibles. -Explicar a relevancia ou non dos "soft skills" en distintas profesións e no mercado laboral español. -Escoitar unha entrevista radiofónica sobre os "soft skills". -Preparar e ensaiar unha exposición oral sobre distintas situacións laborais ou formas de traballos (teletraballo, anos sabáticos, etc.). 		
UNIDADE 2: Ein bunter Lebenslauf (unha vida laboral "pintoresca")			
DATAS	27 / 29 abril.		

O B X E C T I V O S	<ul style="list-style-type: none"> -Entender un texto con consellos para preparar unha entrevista de traballo. -Expresar importancia ou necesidade de accións. -Escribir unha carta de presentación. 		
--	---	--	--

COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES *encher so os que procedan	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais
		-Redacción de cartas de presentación.	-Formular consellos e indicacións.
	IV- Discursivos	V- Sintácticos	VI- Léxicos
	-Texto informativo sobre os criterios de selección dos dptos. de recursos humanos. -Cartas de presentación.	-Oracións completivas de suxeito ou obxecto e a súa transformación a sintagma nominal. -Substantivación de verbos.	-Formación, experiencia laboral, cualificacións.
	VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos		

ACTIVIDADES* *encher so se procede	<ul style="list-style-type: none"> -Ler un texto informativo sobre criterios de selección dos departamentos de recursos humanos. -Formular consellos para a redacción de cartas de presentación. -Escribir unha carta de presentación seguindo un plan de redacción. 		
---	---	--	--

UNIDADE 3: Probieren geht über Studieren (alternativas profesionais, estudar ou aprender unha profesión).

DATAS	4 / 6 maio.
--------------	-------------

O B X E C T I V O S	<ul style="list-style-type: none"> -Entender un texto con testemuñas persoais relativas a escollas profesionais. -Ser quen de expresar a propia opinión sobre as vantaxes e desvantaxes de decisións e facer unha valoración das mesmas. -Entender unha consulta telefónica cun servizo de asesoramento de estudantes relativa a requisitos para matricularse nun centro de formación. 		
--	---	--	--

COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES *encher so os que procedan	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais
	-Estudios e formación en Alemania. -Servizos de asesoramento de estudantes.		-Valorar aspectos positivos ou negativos de decisións.
	IV- Discursivos	V- Sintácticos	VI- Léxicos

	-Reportaxe de prensa -Chamada telefónica para facer consultas e acadar información.	-Estruturas para nomear e valorar vantaxes e desvantaxes.	-Sistema educativo.
	VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos		
ACTIVIDADES* *encher so se procede	-Ler unha reportaxe con testemuñas persoais sobre as súas preferencias cara á escolla profesional e experiencias posteriores. -Facer unha redacción coa propia opinión sobre as vantaxes ou desvantaxes de escoller unha formación profesional ou estudos universitarios. -Escoitar unha conversa telefónica cun servizo de asesoramento de estudantes e anotar información detallada.		
UNIDADE 4: Probieren geht über Studieren (2)...; Multitasking			
DATAS	7 / 8 maio.		
O B X E C T I V O S	-Entender un documento xurídico. -Entender un artigo de divulgación científica sobre "multitasking". -Resumir e explicar nas propias palabras o contido do artigo de divulgación científica.		
COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES *encher so os que procedan	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais
		-Estratexias de comprensión de documentos xurídicos.	
	IV- Discursivos	V- Sintácticos	VI- Léxicos
	-Contrato de prácticas de formación. -Artigo de prensa de divulgación científica.	-Oracións de relativo con was e wo(r)+prepos.	-Linguaxe xurídica. -Psicoloxía e neuroloxía.
	VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos		
ACTIVIDADES* *encher so se procede	-Ler un documento xurídico (contrato de prácticas de formación). -Ler un artigo de divulgación científica sobre "multitasking". -Escribir un resumo do mesmo (mediación).		
UNIDADE 5: Vom Kohlenpott... (a zona do Ruhr)			

DATAS	11 / 13, 14/15 maio.		
O B X E C T I V O S	<ul style="list-style-type: none"> -Entender unha conferencia sobre procesos económicos e de industrialización. -Entender un texto sobre a rexión Rin-Meno. -Describir unha cidade ou zona de Galicia / España que sufriu unha transformación económica. 		
COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES *encher so os que procedan	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais
	-O proceso de industrialización an Alamenia.	-Tomar notas dunha conferencia.	-Narración de acontecementos do pasado.
	IV- Discursivos	V- Sintácticos	VI- Léxicos
	-Conferencia sobre a cuenca do Ruhr. -Texto informativo sobre a rexión Rin-Meno.	-Sustantivación de verbos -Transformación nominal de oracións temporais. -Conectores e preposicións temporais. -Repaso do pretérito de verbos irregulares.	-Formación de palabras compostas. -Industria e economía.
	VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos		
ACTIVIDADES* *encher so se procede	<ul style="list-style-type: none"> -Oír unha conferencia sobre o desenvolvemento industrial e económico da zona do Ruhr. -Repasar as formas de pretérito dos verbos regulares e irregulares. -Ler un texto sobre a rexión Rin-Meno. -Facer unha presentación sobre unha cidade ou zona de Galicia / España que sufriu unha transformación económica. 		
UNIDADE 6: Mit gutem Gewissen? (dilemas morais)			
DATAS	18 / 20 maio.		
O B X E C T I V O S	<ul style="list-style-type: none"> -Entender consellos relativos a cuestións plantexadas en seccións de consultorio de revistas. -Ser quen de expresar a propia opinión sobre certas condutas nun escrito (carta ao director / correo electrónico). 		
COMPETENCIAS	I- Socioculturais e	II- Estratéxicos	III- Funcionais

E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES *encher so os que procedan	sociolingüísticos		
			-Valorar positiva ou negativamente un comportamento ou unha situación.
	IV- Discursivos	V- Sintácticos	VI- Léxicos
	-Sección de consultorio en medios de prensa.	-Estruturas para expresar aprobación ou desaprobação fronte a condutas humanas.	-ética e moralidade.
VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos			
ACTIVIDADES* *encher so se procede	-Ler consultas relativas a dilemas morais. -Escribir sobre o que un faría nestas situacións. -Ler os consellos nas respostas do consultor. -Escribir un correo electrónico ao medio expoñendo a súa opinión sobre os casos consultados.		
UNIDADE 7: Die Welt ist ein Dorf (sobre a globalización)			
DATAS	21 / 22, 25 / 27 maio.		
O B X E C T I V O S	-Entender unha emisión de radio sobre a globalización. -Aprender a definir conceptos, fenómenos e procesos económicos e políticos e describir os efectos dos mesmos. -Entender un artigo de prensa sobre a globalización para extraer a información esencial do mesmo e resumilo oralmente.		
COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES *encher so os que procedan	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais
	-Os procesos globalizadores e os seus efectos nos países do mundo.	-tomar notas para un resumo oral.	-Describir procesos naturais e económicos e os seus efectos.
	IV- Discursivos	V- Sintácticos	VI- Léxicos
	-Emisión de radio. -Artigo de prensa.	-Sustantivación de verbos. -Nominalización de oracións causais e modais.	-Comercio internacional. -Consecuencias políticas, económicas e sociais da globalización.
	VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos		

ACTIVIDADES* *encher so se procede	<p>-Escoitar unha emisión radiofónica onde se explica o concepto de globalización.</p> <p>-Definir conceptos, fenómenos ou procesos económicos e políticos e describir os seus efectos.</p> <p>-Ler un artigo de prensa sobre a globalización, extraer a información esencial e resumir oralmente con axuda das notas (mediación).</p>		
UNIDADE 8: Ab morgen! (propósitos para o futuro)			
DATAS	28 / 29 maio.		
O B X E C T I V O S	<p>-Entender un artigo de prensa sobre bos propósitos.</p> <p>-Explicar nun correo electrónico as propias experiencias co cumprimento de propósitos de cambio.</p>		
COMPETENCIAS E CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES *encher so os que procedan	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais
			-Falar de experiencias persoais. -Dar consellos.
	IV- Discursivos	V- Sintácticos	VI- Léxicos
	-Artigos de prensa sobre saúde. -Correos electrónicos privados.	-Repaso de construcións finais. -Nominalización de oracións finais co sintagma preposicional zu + Art. + Infinitiv. -Repaso de oracións concesivas: construcións con significado concesivo.	-Saúde, psicoloxía e motivación.
	VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos		
-Oclusión glotal xorda diante das vogais, os "Umlaut" (metafonía) e ditongos.			
ACTIVIDADES* *encher so se procede	<p>-Ler un artigo de prensa sobre bos propósitos.</p> <p>-Respostar a un correo electrónico para as propias experiencias co cumprimento de propósitos de cambio, e dar consellos.</p>		